



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REGISTRO XERAL	
- 1 FEB. 2017	
N.º ENTRADA 3023	N.º SAIDA

Grupo Provincial Socialista
Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado do **Grupo Socialista** da Deputación Provincial de Ourense, en base o previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 10 do Regulamento Orgánico da Corporación

SOLICITA se lle facilite a seguinte información:

1. Relación de Vehículos con contratos de aluguer, renting ou operacións mercantís similares feitos no presente período de mandato, con indicación de importe, empresa contratada, período de contrato e procedemento de contratación utilizado.
2. Relación de Vehículos adquiridos na presente mandato con indicación de importe, empresa contratada, período de contrato e procedemento de contratación utilizado.
3. Alegacións presentadas ante a resolución da Secretaría de Estado de exclusión do proxecto "Estratexia Conecta Ourense ECOU" na estratexia DUSI, copia da citada resolución, empresa encargada da xestión do proxecto e importe dos traballos realizados pola citada empresa.
4. Copia acto de resolución contrato piscina flotante en Laias e dos informes relacionados con esa decisión e da conformidade das administración e empresas que impulsaban o proxecto.
5. Relación de Técnicos que participaron na xestión da obra de construción de piscina flotante en Laias e función realizada por cada un.
6. Copia do Informe Técnico que recomenda non realizar o Proxecto de piscina flotante no río Miño en Laias, e de que non é posible executala e copia do Informe que expresa as medidas necesarias para que poida ser viable.



7. Relación de tódolos Gastos relacionados coa Misión Comercial a USAe a inversa en Ourense en base ó convenio coa Advanced Leadership Foundation, con indicación do destino de cada gasto, especialmente viaxes, comidas, estancia, regalos, seguridade, medios de comunicación, organización de actos, e demais.

8. Relación de Cantidades pagadas a empresas e medios de comunicación, no actual mandato da Corporación (mentres non se facilite os períodos solicitados en escrito anterior) con indicación do importe e obxecto do gasto.

9. Relación de tódolos gastos de todo tipo relacionados coas Becas Internacionais en USA en base o convenio Advanced Leadership Foundation, con indicación de importe, tanto os presentados para xustificar subvención como outros financiados pola Deputación.

En Ourense, a 1 de Febreiro de 2.017



SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE